

Instrución 1/2022, da Secretaría Xeral de Universidades para iniciar o procedemento de avaliación do rendemento da fase de estadía do persoal investigador contratado ao abeiro do programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade A, do ano 2019.

A Orde do 28 de maio de 2019 (DOG núm. 111, do 13 de xuño), pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, recolle no artigo 6 do anexo I o procedemento de avaliación do rendemento para a fase de estadía das persoas contratadas con cargo á modalidade A deste programa.

De acordo con este artigo, un mes antes da finalización do contrato, as entidades beneficiarias terán que remitirlle á Secretaría Xeral de Universidades un informe, xunto cunha memoria asinada pola persoa contratada e pola persoa responsable ou coordinadora do grupo, sobre o grao de cumprimento do plan de estadías. Este informe deberá vir acompañado dos certificados de ter realizado a estadía emitidos polos centros receptores.

Os contratos en vigor correspondentes a estas axudas están no ámbito de aplicación da Orde do 19 de xuño de 2020 (DOG número 128, do 30 de xuño), polo que a súa duración foi ampliada 6 meses como consecuencia da situación creada pola Covid-19.

En consecuencia, o secretario xeral de Universidades no uso das competencias que ten atribuídas, dita a seguinte instrución:

1. Iniciar o procedemento que permita a avaliación das persoas investigadoras contratadas no Programa de axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade A, da convocatoria do ano 2019 que se atopan a piques de rematar o seu período de estadía no estranxeiro de acordo co procedemento establecido no artigo 6 do anexo I da Orde do 28 de maio de 2019.

2. Para tal fin, as entidades beneficiarias deberán remitir, con data límite do 15 de marzo de 2022, un informe acompañado dunha memoria asinada pola persoa contratada e pola persoa responsable ou coordinadora do grupo de investigación, sobre o grao de cumprimento do plan de estadías, no que se indicarán os períodos de estadías efectivamente cumpridos especificando, no seu caso, as modificacións producidas e a súa causa con respecto ao plan de estadías presentado coa solicitude. Complementariamente, e para verificar o cumprimento do período mínimo de 21 meses exixido na fase de estadía, as entidades beneficiarias deberán remitir un certificado emitido polo centro ou centros receptores no que se indique o período de tempo en que a persoa contratada permaneceu neles.

Aquelas persoas que finalicen o seu contrato con posterioridade ao 15 de abril de 2022 terán que achegar a documentación no prazo de 20 días hábiles anteriores á súa finalización.

3. Co obxecto de coñecer o rendemento científico acadado nesta fase, o informe da entidade beneficiaria e a memoria que o acompaña deberán describir o traballo realizado por cada unha das persoas contratadas así como o grao de adecuación das actividades desenvolvidas ao seu



plan de traballo previsto para ese período. No caso de que se produciran modificacións sobre as previsións iniciais deberanse motivar e explicar a súa incidencia no proxecto presentado. A documentación presentárase en formato libre e a memoria deberá ter unha extensión de entre 2.500 e 4.000 palabras.

4. O informe, a memoria e a documentación complementaria serán avaliados pola Secretaría Xeral de Universidades, que poderá contar co asesoramento de expertos externos, e será preciso obter unha avaliación positiva e realizar un mínimo de 21 meses de estadía nesta fase para acceder ao contrato na fase de retorno.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

